


PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL.

**IES SANTIAGO BASANTA SILVA.
VILALBA - LUGO**



2022-2023

INDICE:

1. Plan anual.
2. Horario xeral do IES.
 - a. Horario lectivo.
 - b. Horario do tempo de lecer
 - c. Horario de dispoñibilidade para os alumnos/as dos servizos e instalacións do centro.
 - d. Horario no que o centro permanecerá aberto a disposición da comunidade educativa
 - e. Horario de verán.
3. Organización dos servizos complementarios:
 - a. Transporte:
 1. Número de alumnos/as transportados.
 2. Número de rutas.
 3. Itinerarios.
 - b. Comedor:
 1. Datos xerais.
 2. Persoal.
4. Documento de organización do centro (DOC)
5. Programa anual de actividades complementarias e extraescolares
6. Organización, funcionamento e horario da biblioteca.
7. Programa de formación do profesorado no centro.
8. Orzamento do centro.
9. Proxecto Educativo
10. Decreto de plurilingüismo.
11. Plan proxecta.

ANEXOS

1. Data de aprobación polo Claustro dos aspectos docentes.
2. Data de aprobación polo Consello Escolar.
3. Data de remisión á Inspección.
4. Alumnos con N.E.E.
5. Plan de Adaptación ao COVID 19
6. Plan de Continxencia

1. PLAN ANUAL:

Plan de optimización dos resultados académicos.	
OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	LIÑAS DE ACTUACIÓN
Mellorar a taxa de éxito escolar.	Identificación correcta das causas que orixinan a situación de fracaso escolar. Solicitude do Programa PROA+ para o alumnado de 4º ESO, por terceiro ano consecutivo, e da actividade PANCA 209, Plan de acollida do alumnado inmigrante e integración a aula.
Consolidar o IES como centro colaborador co prácticum	Desenvolver as actividades de titoría do alumnado de prácticum en colaboración coa universidade responsable.
Optimizar os recursos humanos para favorecer medidas de atención á diversidade.	Emprego de desdobres nas materias instrumentais en grupos - aula numerosos. Creación de grupos heteroxéneos e reducidos en grupos con alumnado con necesidades educativas especiais. (ANAE) Utilización de medidas de atención a alumnado inmigrante de incorporación tardía ao sistema educativo, como impartir horas de adquisición de linguas Elaboración de criterios de coordinación entre o Departamento de Orientación e o profesorado que imparte clase a alumnado con N.E.E. Grupo de adquisición de lingüas para aquel alumnado con descoñecemento da lingua.
Potenciar programas específicos para o alumnado repetidor da ESO.	Utilización de programas de reforzo para o alumnado con materias pendentes. Difusión do horario e criterios de atención ao alumnado con materias pendentes.

Plan de concienciación da igualdade de xénero.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	LIÑAS DE ACTUACIÓN
Potenciar mediante o PE e o PAT a igualdade de xénero.	Fomento do uso dos temas transversais (igualdade, violencia de xénero) nas diferentes áreas. Realización de actividades complementarias en datas conmemorativas (violencia de xénero, Día da Muller Traballadora, etc). Fomento de actitudes paritarias a través do PAT.
Coordinar directrices conxuntas con outras institucións externas.	Coordinación co CIM do Concello para a posta en marcha de obradoiros nas diferentes etapas de ESO e Bacharelato. Sensibilización a través da realización de actividades cos departamentos didácticos, a biblioteca escolar e con outras entidades.
Seguimento do Plan de Igualdade do centro	Seguindo as instrucións e indicacións enviadas pola Consellería levar a cabo dende a dirección a revisión do Plan de Igualdade do centro. Unha vez revisado dalo a coñecer a toda a comunidade educativa para o seu seguimento.

Plan de participación no funcionamento e goberno do centro por parte das familias

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	LIÑAS DE ACTUACIÓN
Fomentar a implicación das familias no funcionamento e goberno do centro	Corresponsabilidade das nais e pais ou das titoras e titores legais do alumnado no mantemento da convivencia no centro, para o cal tomaranse as medidas para promover e incentivar a colaboración efectiva entre familia e o instituto. Mellorar a comunicación entre o profesorado e as familias, co fin de facilitarlles o exercicio dos dereitos e o cumprimento dos deberes que lles corresponden en relación coa educación dos seus fillos ou fillas. O profesorado titor do alumnado menor de idade establecerá contactos de seguimento periódicos coas familias, coordinadas polo Departamento de Orientación, para revisar e orientar sobre o tempo e o xeito de estudio, coa finalidade de favorecer a implicación destas no proceso educativo.

Plan de difusión das TIC e posicionamento na Rede.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	LIÑAS DE ACTUACIÓN
Favorecer o uso das TICs como medio básico de ensino e canle de comunicación interna e externa.	<p>Mantemento e actualización dos equipos informáticos e audiovisuais dos departamentos didácticos, biblioteca, sala de profesores e das aulas de referencia e específicas.</p> <p>Disposición do alumnado do material didáctico elaborado polo profesorado do Centro a través da Aula Virtual do centro, a cal se converte nunha canle imprescindible de relación entre o profesorado e o alumnado, sobre todo para aquel que tivera que estar confinado por mor do tema COVID</p> <p>Continuación co Plan ABALAR .</p> <p>Dinamización do uso das TIC entre o alumnado, fomentando o uso responsable da Internet.</p> <p>Mantemento do Plan ABALAR móbil como canle de comunicación cara a comunidade educativa.</p> <p>Mantemento e actualización dos equipos informáticos e audiovisuais .</p>

Plan de actividades Extraescolares e Complementarias.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	LIÑAS DE ACTUACIÓN
Optimizar as infraestructuras empregadas en materia cultural.	<p>Mantemento e emprego da sala de exposicións.</p> <p>Mantemento e emprego do Salón de actos como recurso educativo para programas interdisciplinares .</p> <p>Promoción do hábito de lectura a través de actividades organizadas pola Biblioteca.</p>
Implicar as asociacións culturais e deportivas de Vilalba e comarca, ANPAs así como entidades doutros ámbitos.	<p>Implicación na celebración de exposicións de fotografía de distintos organismos e institucións:</p> <ul style="list-style-type: none">- CEIDA (Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia).- IESCHA (Instituto de Estudos Chairegos)- Fundación Manuel María.

	<ul style="list-style-type: none"> - Consello da Cultura Galega. - Deputación Provincial de Lugo. <p>Mantemento da organización de actividades con outros organismos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - “Teatro foro” coa Escola Municipal de Teatro. - Distintas actividades co lescha. - Asociación feminista de Vilalba - Concello de Vilalba, concellería de cultura e concellería de educación. - Deputación de Lugo
Actividades iniciadas con carácter anual.	<ul style="list-style-type: none"> • Xornadas de Orientación Académica
Plan Proxecta	<ul style="list-style-type: none"> • Pasaporte Solidario • Cinema en curso
<i>Plan de difusión da biblioteca a comunidade educativa.</i>	
OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	LIÑAS DE ACTUACIÓN
Achegar o uso da Biblioteca a toda a comunidade educativa.	Actualización das publicacións periódicas nas zonas de lectura externas á sala.
Dinamizar o servizo de Biblioteca.	<p>Formación de usuarios e educación para acceso a información dirixidas ao alumnado e profesorado</p> <p>Fomento da lectura e a escrita a través de actividades como os clubs de lectura, concursos literarios, encontros con escritores, etc..</p> <p>Colaboración e intercambio de fondos coa Biblioteca Municipal de Vilalba, con outras bibliotecas escolares e Clubs de lectura.</p> <p>Difundir a través dos medios da biblioteca na rede (blog da biblioteca, instagram, páxina de Facebook e</p>

	<p>canle de Youtube) e dos taboleiros dos tres edificios de aulas das actividades organizadas, fondos, recursos, etc.</p> <p>Apoio ao estudo para a compensación das desigualdades sociais.</p>
Favorecer o crecemento e uso da biblioteca.	<p>Promover a implicación do profesorado na participación das actividades programadas e na utilización dos recursos da biblioteca na práctica docente.</p> <p>Continuación no Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares e desenvolvemento do Plan LIA.</p>

Plan dixital do centro	
OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	LIÑAS DE ACTUACIÓN
Implementación do Plan Dixital elaborado o curso pasado 21-22 para este presente curso 22-23	<p>Partir dos 4 obxectivos marcados para este curso 22-23 no Plan Dixital</p> <p>Desenvolver as accións pertinentes para cada obxectivo</p> <p>Asesoramento por parte do Grupo ADIX para levar a cabo dita implementación</p> <p>Realización dun curso no CFR por parte do grupo de traballo do Plan Dixital, posto en marcha o curso pasado.</p>

Plan de consolidación e mellora do PE	
OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	LIÑAS DE ACTUACIÓN
Actualización do Proxecto Educativo	Continuar a actualización e adecuación do PE á LOMLOE e ás necesidades da comunidade educativa

Plan de concienciación e respecto do Medio Ambiente.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	LIÑAS DE ACTUACIÓN
Estudar e analizar as formas de relación co contorno, e desenvolver hábitos e actividades encamiñadas ao coidado e mellora do medio ambiente	Potenciación do uso correcto do material do centro e adoptar medidas encamiñadas a tal fin. Concienciar ás/aos alumnas/os do centro da súa responsabilidade no mantemento das instalacións nas súas condicións óptimas.
Fomentar hábitos de consumo responsable encamiñados ao aforro enerxético.	Redución do consumo enerxético correspondente a iluminación fomentando o uso racional da mesma.
Concienciar aos/ás alumnos/as sobre a necesidade dunha correcta xestión dos residuos mediante a aplicación da Regra das treserres (reducir, reciclar e reempregar).	Sensibilización sobre os riscos derivados do abandono e vertido incontrolado de residuos (pinturas, vernices, pilas ...).

c. Recursos dispoñibles

Recursos humanos

O IES Santiago Basanta Silva conta, para o curso académico 2022/2023 cun cadro de persoal de 56 docentes con distintos perfís para os diversos tipos de ensinanza.

O cadro de persoal non docente é de 11 persoas: 3 administrativos, 2 persoas subalternas, 5 persoas de limpeza e 1 coidadora.

O equipo directivo está formado por 4 persoas coa composición: directora, vicedirector, secretario e a xefa de estudos.

Dende a dirección do centro asígnase unha profesora para a dinamización da biblioteca e tamén profesorado na función de equipo de biblioteca; un profesor como responsable Abalar e como responsable da Dinamizacións das TICs, unha profesora como coordinadora da Sección Bilingüe.

Recursos materiais

O centro conta con 5 aulas ABALAR, 3 aulas de Informática, 3 aulas-taller de Tecnoloxía, 3 laboratorios de Física e Química, 1 de Bioloxía e Xeoloxía, 2 aulas específicas de Música e 2 de Debuxo, 3 aulas de Pedagogía Terapéutica, 1 aula de convivencia, e outras 24 aulas que dispoñen todas elas de ordenador conectado a proxector para uso do profesorado, así como de conexión a internet.

Dispón de biblioteca, salón de actos (con capacidade para 240 persoas, aínda que non se pode utilizar na súa totalidade, pois as butacas da parte de arriba do mesmo están moi deterioradas. En xeral este salón de actos necesitaría unha remodelación, tanto do mobiliario como da pintura das paredes) comedor, cafetería e un pavillón polideportivo xunto cun ximnasio para E.Física, (dos cales un fai uso, mediante convenio o Concello de Vilalba, e outro o IES. Lois Peña Novo, ámbolos dous fóra do noso horario lectivo) e dúas pistas.

Ademais conta con dependencias para secretaría, departamentos, dirección, xefatura de estudos, vicedirección, sala de profesorado e un local para a recepción de nais/pais.

Todos estes espazos están repartidos en 3 edificios de aulas (Edificio A, Edificio B e Edificio D) xunto co pavillón, o ximnasio e pistas mencionados anteriormente.

Cumpre proceder coa renovación e ampliación de equipos informáticos de aula, da sala de profesorado, das aulas de informática, administración e despachos de dirección e orientación.

2. HORARIO XERAL DO CENTRO

a. Horario lectivo.:

Horario lectivo	De mañá	De tarde
Luns	08:45 - 14:15	16:15 - 17:55
Martes	08:45 - 14:15	
Mércores		
Xoves		
Venres		

b. Horario do tempo de lecer.

Horario de lecer	ESO	BACHARELATO	CICLOS
	11:15 - 11:45	11:15 - 11:45	-

c. Horario de dispoñibilidade para os alumnos/as dos servizos e instalacións do centro.

Horario servizos para alumnos	Pola mañá	Pola tarde
	LECERES	MÉRCORES 16:15 - 17:55

d. Horario no que o centro permanecerá aberto a disposición da comunidade educativa.

Horario apertura á comunidade	Pola mañá	Pola tarde
		LUNS 18:45 - 21:00 MARTES-VENRES 16:15 - 21:00

e. Horario de verán.

Horario apertura á comunidade	Pola mañá	Pola tarde
	10:00 – 13.00	-

3. ORGANIZACIÓN DE SERVICIOS COMPLEMENTARIOS.

a. Transporte escolar:

Alumnos	Contrato	Empresa
12	XG636	AUCASA
0	99LU0007	AUTOS MORÁN
155	XG729/ XG676	AUTOS LOZANO

b. Comedor escolar:

✓ **Datos xerais**

Tipo de comedor (A,B,C,D,E..)	C
Tipo de xestión (Xestión propia, catering, etc.)	INDIRECTA
Existe un Protocolo de funcionamento do comedor?	NON
Número máximo de comensais autorizados	185
Nº de alumnas/os que fan uso do servizo	115
Nº de alumnas/os que fan uso de balde	91
Nº de alumnas/os que pagan 1€	6
Nº de alumnas/os que pagan 2,50€	5
Nº de alumnas/os que pagan 4,50€	13

✓ **Persoal que intervén no servizo**

Encargada	Mª DEL SOCORRO TRILLO LEIS
Empresa de catering	AIRAS CATERING
Persoal laboral	
Cociñeira:	ELIDA JESSICA FERNANDEZ ORTEGA
Axudante:	LUCÍA MAIRA NÚÑEZ
Persoal colaborador	
4 VIXIANTES LUNS 2 VIXIANTES: MARTES - VENRES.	

4.DOC (anexo)

Na data de entrega da PXA, o DOC aínda non foi entregado.

5.PROGRAMA ANUAL DE ACT. COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.

O programa que aquí presentamos será susceptible de ser modificado, ou incluso de non poder levar a cabo algunha das actividades, en función da oferta que poda darse para levalas a cabo.

DEPARTAMENTO	ACTIVIDADE	LOCALIZACIÓN	ALUMNADO	DATA PREVISTA
FRANCÉS	<i>DELFB1-B2</i>	GALICIA	1º-2º BAC	SEN DETERMINAR
FRANCÉS	<i>CLUBES DE LECTURA</i>	GALICIA	ESO/BAC	TODO O CURSO
FRANCÉS	<i>SAÍDA AO TEATRO (OBRA EN FRANCÉS) / CINE</i>	GALICIA	ESO/BAC	SEN DETERMINAR
FRANCÉS	<i>EXCURSIÓN LINGÜÍSTICA SOCIO- CULTURAL</i>	PARÍS	BAC	DECEMBRO
FRANCÉS	<i>ESCAPE ROOM</i>	GALICIA	ESO	SEN DETERMINAR
FRANCÉS	<i>SAÍDA LINGÜÍSTICA SOCIO CULTURAL, MUSEOS, EXPOSICIÓNS, ... DÍA DA FRANCOFONIA FESTIVAL DE EUROVISIÓN; TIKTOKERS DA LÍNGUA FRANCESA</i>	ESPAÑA	ESO/BAC	AO LONGO DO CURSO
FRANCÉS	<i>ACTIVIDADE EN FRANCÉS POLAS RÚAS DO POBO</i>	VILALBA	ESO/BAC	AO LONGO DO CURSO
FRANCÉS	<i>ACTIVIDADE DE TEATRO</i>	IES POLAS TARDES	ESO/BAC	AO LONGO DO CURSO

FRANCÉS	<i>INTERCAMBIO A FRANCIA</i>	FRANCIA	ESO	SEN DETERMINAR
FRANCÉS	<i>VIAXE A UN PAÍS FRANCÓFONO. ACTIVIDADE SOCIO CULTURAL OU DEPORTIVA</i>	PAÍS FRANCÓFONO	ESO/BAC	SEN DETERMINAR
FRANCÉS	<i>MUSEO DE BELAS ARTES DA CORUÑA; A PEGADA DE FRANCIA NA CULTURA GALEGA A TRAVÉS DA ARTE E CINE</i>	A CORUÑA	BAC	SEN DETERMINAR
FRANCÉS	<i>INTERCAMBIO POSTAL CON ARSEILLE (RUANDA EN PROXECTO) (BECA EDU EXCHANGE INERCAMBIO POSTAL EN LÍNEA)</i>	IES	ESO	AO LONGO DO CURSO
FILOSOFÍA	VISITAS DE CARÁCTER CULTURAL A MUSEOS, EXPOSICIÓNS, CONFERENCIAS, CIDADES E LUGARES DE INTERESE PARA PROFUNDIZAR NOS CONTIDOS DAS MATERIAS	GALICIA/ ESPAÑA	ESO/BAC	AO LONGO DO CURSO
XEOGRAFÍA E HISTORIA	VISITA Á CATEDRAL DE SANTIAGO DE COMPOSTELA	SANTIAGO DE COMPOSTELA	2º BAC	SEN DETERMINAR
XEOGRAFÍA e HISTORIA	VISITA AO MUSEO DE PREHISTORIA E ARQUEOLOXÍA DE VILALBA	VILALBA	1º ESO	2º TRIMESTRE
XEOGRAFÍA E HISTORIA	VISITA AOS MUSEOS DO PRADO E REINA SOFÍA	MADRID	1º BAC	SEN DETERMINAR
XEOGRAFÍA E HISTORIA	VISITA AO PARQUE LÁNSBRICA E Á CIDADE DE OURENSE	OURENSE	3º ESO	SEN DETERMIAN

XEOGRAFÍA E HISTORIA	VISITA Á CATEDRAL DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, PARLAMENTO DE GALICIA E Á CIDADE DA CULTURA (GAIÁS)	SANTIAGO DE COMPOSTELA	3º ESO	SEN DETERMINAR
XEOGRAFÍA E HISTORIA	VISITA Á CIDADE DA CORUÑA	A CORUÑA	3º ESO	SEN DETERMINAR
XEOGRAFÍA E HISTORIA	VISITA Á CATEDRAL DE OVIEDO E ARQUITECTURA PREROMÁNICA	OVIEDO	1º BAC	SEN DETERMINAR
XEOGRAFÍA E HISTORIA	VISITA Á COLEXIATA DE SAN ISIDORO E A CATEDRAL DE LEÓN	LEÓN	1º BAC	SEN DETERMINAR
XEOGRAFÍA e HISTORIA	VIAXE CULTURAL CO DEPARTAMENTO DE MÚSICA E EPV, PARA VISITAR O MUSEO DO PRADO E O REINA SOFÍA	MADRID	2º BAC	2º TRIMESTRE
XEOGRAFÍA e HISTORIA	PASEO POLA VILA	VILALBA	2º BAC	SEN DETERMINAR
EDUCACIÓN FÍSICA	CHARLA DE PRIMEIROS AUXILIOS	IES	1º ESO, 4º ESO	1º TRIMESTRE
EDUCACIÓN FÍSICA	ACTIVIDADE ACUÁTICA NO LAGO DAS PONTES	LAGO DAS PONTES	4º ESO	3º TRIMESTRE
EDUCACIÓN FÍSICA	VIAXE Á NEVE PARA CURSO DE ESQUÍ E SNOWBOARD	JACA (HUESCA)	1º BAC	2º TRIMESTRE
TECNOLOXÍA	VISITA FÁBRICA/EMPRESA	SEN DETERMINAR	1º BAC, 2º BAC	SEN DETERMINAR

TECNOLOXÍA	ACTIVIDADE E COLABORACIÓN CO ESPAZO XOVE	SEN DETERMINAR	ESO/BAC	SEN DETERMINAR
TECNOLOXÍA	VISITA Á FÁBRICA DE ENTREPINARES	VILALBA	1º BAC/2ºBAC	21 E 28 DE OUTUBRO
EPV	SAÍDAS DIDÁCTICAS POLA CONTORNA EN CADA AVALIACIÓN, SAÍDAS NO CENTRO E ARREDORES NA BUSCA DE OBXECTOS PARA DEBUXAR, SAÍDAS A MUSEOS	GALICIA/ESPAÑA	1º ESO	AO LONGO DO CURSO
EPV	SAÍDA A TALLER DIDÁCTICO NA FUNDACIÓN BARRIÉ DE LA MAZA, E EXPOSICIÓN ASOCIADA	A CORUÑA	3º ESO	SEN DETERMINAR
EPV	VISITA A CENTROS DE ARTE, A EXPOSICIÓN, ...	A CORUÑA/SANTIA GO	3º ESO	SEN DETERMINAR
EPV	VISITA A EXPOSICIÓN DE ARTE, E MUSEO	A CORUÑA/SANTIA GO	4º ESO	SEN DETERMINAR
EPV	ACTIVIDADE NO CGAI. VISUALIZACIÓN DE PELÍCULA COMENTADA	A CORUÑA	4º ESO/BAC	SEN DETERMINAR
EPV	ACTIVIDADES EN COLABORACIÓN CO ESPAZO XOVE	VILALBA	ESO/BAC	SEN DETERMINAR
EPV	SAÍDA A MADRID CO DEPARTAMENTO DE MÚSICA E HISTORIA A MUSEOS E ACTIVIDADES CULTURAIS	MADRID	BAC	SEN DETERMINAR
EPV	ACTIVIDADES POLA CONTORNA DA VILA E INTERVENCIÓNS ARTÍSTICAS NO IES E NA VILA	VILALBA	4º ESO	AO LONGO DO CURSO

MÚSICA	VIAXE CULTURAL CO DEPARTAMENTO DE XEOGRAFÍA E HISTORIA E EPV	MADRID	2º BAC	2º TRIMESTRE
MÚSICA	SAÍDAS POLA LOCALIDADE	VILALBA E ARREDORES	ESO/BAC	AO LONGO DO CURSO
MÚSICA	CONCERTOS DIDÁCTICOS, EXPOSICIÓNS, ...	GALICIA/ESPAÑA	ESO/BAC	AO LONGO DO CURSO
CULTURA CLÁSICA	ASISTENCIA Á REPRESENTACIÓN DO FESTIVAL DE TEATRO GRECOLATINO (TODA A ESO)	LUGO, OURENSE, CORUÑA	ESO/BAC	MARZO 2023
CULTURA CLÁSICA	VISITA AO LUGO ROMANO, MUSEO PROVINCIAL, ...	LUGO	ESO/BAC	SEN DETERMINAR
CULTURA CLÁSICA/RELIXIÓN	ASTURIAS AUGUSTA	ASTORGA	1º BAC	TERCER TRIMESTRE
FÍSICA-QUÍMICA	VISITA A UN MUSEO CIENTÍFICO (TODA A ESO)	GALICIA	ESO	AO LONGO DO CURSO
FÍSICA-QUÍMICA	"NAVEGANDO POR EL UNIVERSO"	IES	4º ESO	20 DE OUTUBRO
FÍSICA-QUÍMICA	VISITA A UNHA INDUSTRIA QUÍMICA	SEN DETERMINAR	BAC	SEN DETERMINAR
BIOLOXÍA E XEOLOXÍA	CHARLAS E CONFERENCIAS, VISUALIZACIÓN DE DOCUMENTAIS E PELÍCULAS QUE ABORDEN CONTIDOS RELACIONADOS COA MATERIA,	SALÓN DE ACTOS, AUDITORIO DE VILALBA	1º ESO, 3º ESO, 4º ESO, 1º BAC E 2º BAC	AO LONGO DO CURSO

	EXPOSICIÓNS REALIZADAS POLO ALUMNADO AO RESTO DO ALUMNADO			
BIOLOXÍA E XEOLOXÍA	VISITA A LUGARES DE INTERESE NATURAL E ASISTENCIA Á OLIMPIADA DE BIOLOXÍA	SEN DETERMINAR	4º ESO, 1º BAC E 2º BAC	SEN DETERMINAR
PROXECTO COMPETENCIAL	VISITAS A LUGARES DE INTERESE NATURAL E CULTURAL, CHARLAS, CONFERENCIAS E PELÍCULAS QUE ABORDEN CONTIDOS DE INTERESE, EXPOSICIÓNS QUE REALICEN AO RESTO DO ALUMNADO	SEN DETERMINAR	1º ESO E 3º ESO	SEN DETERMINAR
ORIENTACIÓN VICEDIRECCIÓN	<i>TALLERES DE DIFERENTES TEMÁTICAS</i>	AULAS	SEN DETERMINAR	SEN DETERMINAR
ORIENTACIÓN VICEDIRECCIÓN	<i>CHARLAS E EXPOSICIÓNS</i>	IES	SEN DETERMINAR	POR DETERMINAR
BIBLIOTECA	<i>PRESENTACIÓN, COMENTARIOS E VISIONADO DOS LIBROS DO CLUB DE LECTURA.</i>	BIBLIOTECA	ALUMNADO DO CLUB DE LECTURA	TODO O CURSO
BIBLIOTECA	<i>REUNIÓNS E VISIONADO DAS PELÍCULAS</i>	BIBLIOTECA SALÓN DE ACTOS	ALUMNADO DO CLUB DE LECTURA	TODO O CURSO
BIBLIOTECA	<i>FORMACIÓN DE USUARIOS</i>	BIBLIOTECA	1º ESO	OUTUBRO/NOVEMBRO
BIBLIOTECA	<i>FORMACIÓN DO VOLUNTARIADO DA BIBLIOTECA</i>	BIBLIOTECA	ALUMNADO VOLUNTARIO	TODO O CURSO

BIBLIOTECA VICEDIRECCIÓN NORMALIZACIÓN L.	CONMEMORACIÓN DE DATAS SINLADAS	POR DETERMINAR	POR DETERMINAR	SEN DETERMINAR
BIBLIOTECA	LECTURA DE POEMAS	BIBLIOTECA OU SALÓN DE ACTOS	ALUMNADO PARTICIPANTE	SEN DETERMINAR
BIBLIOTECA NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA	CERTAMES LITERARIOS	BIBLIOTECA	ESO/BAC	SEN DETERMINAR
BIBLIOTECA LINGUA CASTELÁ E LITERATURA	LECTURAS COMPARTIDAS	COLEXIOS DE PRIMARIA DE VILALBA	ALUMNADO DE ORATORIA	TERCEIRO TRIMESTRE
LINGUA CASTELÁ E LITERATURA	CHARLA CON AUTORES	IES	ESO	AO LONGO DO CURSO
LINGUA CASTELÁ E LITERATURA	ASISTENCIA A OBRAS DE TEATRO	POR DETERMINAR	ESO/BAC	SEN DETERMINAR
LINGUA CASTELÁ E LITERATURA	CINE	LUGO	ESO/BAC	SEN DETERMINAR
LINGUA CASTELÁ E LITERATURA	EXPOSICIÓN DIDÁCTICAS	IES	ESO/BAC	SEN DETERMINAR
BIBLIOTECA	ALFIN: LOCALIZACIÓN DE INFORMACIÓN NOS DIFERENTES TIPOS DE SOPORTE DOCUMENTAIS	BIBLIOTECA	SEN DETERMINAR	SEN DETERMINAR
BIBLIOTECA NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA	ENCUNTROS CON ESCRITORES, ILUSTRADORES, ANIMADORES CULTURALS, CONTACONTOS, ACTORES, ETC...	BIBLIOTECA OU SALÓN DE ACTOS	POR DETERMINAR	POR DETERMINAR
BIBLIOTECA ORIENTACIÓN VICEDIRECCIÓN	OBRADOIROS, CHARLAS, TALLERES, TEATRO, FEIRAS DE ORIENTACIÓN ACADÉMICO- PROFESIONAL	SEN DETERMINAR	POR DETERMINAR	POR DETERMINAR

BIBLIOTECA NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA	<i>OBRADOIRO "BICO DE GRAU"</i>	SALÓN DE ACTOS IES	ESO	29 DE SETEMBRO
BIBLIOTECA NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA	<i>CONCERTOS DE GRUPOS E CANTAUTORES</i>	SALÓN DE ACTOS/BIBLIOTEC A/RADIO	ESO	POR DETERMINAR
BIBLIOTECA NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA	<i>CORRELINGUA</i>	LUGO	ESO/BAC	3º TRIMESTRE
BIBLIOTECA NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA	<i>RFEGUEIFESTA</i>	AUDITORIO DE GALICIA, SANTIAGO DE COMPOSTELA	ESO	POR DETERMINAR
BIBLIOTECA NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA	<i>CONCURSO TIK TOKs EN GALEGO</i>	BIBLIOTECA	ESO/BAC	POR DETERMINAR
BIBLIOTECA NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA	<i>JUST DANCE EN GALEGO</i>	LUGO	ESO/BAC	POR DETERMINAR
BIBLIOTECA NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA	<i>OBRADOIROS DE ESCRITA AELG</i>	LUGO	ESO/BAC	XUÑO
BIBLIOTECA NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA	<i>EXCURSIÓN CLUB DE LECTURA</i>	POR DETERMINAR	ALUMNADO CLUB DE LECTURA	XUÑO
BIBLIOTECA NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA	<i>#DÍGOCHOEU</i>	VILALBA E ARREDORES	3º ESO	SEN DETERMINAR
BIBLIOTECA NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA	<i>#DÍGOCHOEU</i>	SANTIAGO DE COMPOSTELA	ESO/BAC	3º TRIMESTRE
BIBLIOTECA NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA	<i>OBRADOIROS DE REGUEIFA CON ALBA MARÍA</i>	SALÓN DE ACTOS	4º ESO	SETEMBRO

BIBLIOTECA NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA	<i>XORNADAS ROSALIANAS</i>	VILALBA	ESO/BAC	FEBREIRO
BIBLIOTECA NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA	<i>RECITADO E VIDEOPOEMAS NA CASA DE MANUEL MARÍA</i>	OUTEIRO DE REI	ESO/BAC	POR DETERMINAR
BIBLIOTECA NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA	<i>RUTA LITERARIA “AIRE NEGRO” DE AGUSTÍN FERNÁNDEZ PAZ</i>	VILALBA, LANZÓS E SAN SIMÓN	ESO/BAC	POR DETERMINAR
BIBLIOTECA NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA	<i>PREMIO AGUSTÍN FERNÁNDEZ PAZ</i>	AUDITORIO MUNICIPAL	1º BAC	22 DE OUTUBRO
BIBLIOTECA	<i>ACTIVIDADES DO CLUB E OUTRAS NA BIBLIOTECA</i>	BIBLIOTECA E O CENTRO	ALUMNADO	AO LONGO DO CURSO
BIBLIOTECA	<i>COLABORACIÓN CON ENTIDADES DA VILA</i>	BIBLIOTECA E CENTRO	ALUMNADO	AO LONGO DO CURSO
VICEDIRECCIÓN	<i>ACTIVIDADES MUSICAIS, BAILE, TEATRO, CINE, CONTACONTOS...</i>	NO CENTRO	POR DETERMINAR	POR DETERMINAR
VICEDIRECCIÓN OUTROS DEPARTAM.	<i>CONFERENCIAS, CHARLAS, DATAS CONMEMORATIVAS</i>	NO CENTRO	TÓDOLOS NIVEIS	POR DETERMINAR
VICEDIRECCIÓN	<i>EXCURSIÓN 4º DA ESO</i>	POR DETERMINAR	4º ESO	POR DETERMINAR
INGLÉS	<i>SAÍDAS LINGÜÍSTICAS, SOCIOCULTURALS POLAS RÚAS DO POBO COA AUXILIAR DE CONVERSA</i>	VILALBA	ESO / BAC	AO LONGO DO CURSO
MATEMÁTICAS	<i>PARTICIPACIÓN NA MURALLA MATEMÁTICA</i>	POR DETERMINAR	ESO	POR DETERMINAR

MATEMÁTICAS	<i>PARTICIPACIÓN NO RALLY MATEMÁTICO "SEN FRONTEIRAS"</i>	POR DETERMINAR	3º ESO, 4º ESO	POR DETERMINAR
MATEMÁTICAS	<i>PARTICIPACIÓN NA OLÍMPIADA MATEMÁTICA (AGAPEMA)</i>	POR DETERMINAR	2º ESO	POR DETERMINAR
MATEMÁTICAS	<i>PARTICIPACIÓN EN CONCURSOS, PROBAS CONVOCADAS POR INSTITUCIÓNS EDUCATIVAS, ASOCIACIÓNS, RELACIONADAS COA MATERIA</i>	POR DETERMINAR	ESO/BAC	AO LONGO DO CURSO

EXPOSICIÓNS

Diversas exposicións ao longo do curso coordinadas por vicedirección e outros departamentos.

FESTIVAIS

DEPARTAMENTO	ACTIVIDADE	LOCALIZACIÓN	ALUMNADO	DATA PREVISTA
VICEDIRECCIÓN OUTROS DEPARTAMENTOS	<i>NADAL</i>	I.E.S	TODO OS NIVEIS	DECEMBRO
VICEDIRECCIÓN OUTROS DEPARTAMENTOS	<i>ENTROIDO</i>	I.E.S	TODOS OS NIVEIS	17 FEBREIRO
VICEDIRECCIÓN OUTROS DEPARTAMENTOS	<i>FIN CURSO</i>	I.E.S	TODOS OS NIVEIS	XUÑO
VICEDIRECCIÓN OUTROS DEPARTAMENTOS	<i>FESTIVAL DESPEDIDA A 2º DE BACH.</i>	IES/ AUDITORIO MUNICIPAL	2º BAC	MAIO/XUÑO

Cráterios e condicións para a utilización de instalacións do centro por parte de persoas alleas á Comunidade Educativa. (D. 201/03 sobre xestión económica).

O centro educativo reservarase o dereito de ceder as instalacións atendendo a os seguintes criterios:

1. As instalacións cederanse co obxectivo de favorecer o desenvolvemento de actividades con finalidade educativo-deportiva en consonancia coa funcionalidade da instalación.
2. As actividades desenvolvidas levaranse a cabo baixo a supervisión de persoal responsable que garanta a súa conservación e o cumprimento das normas de utilización.
3. Os gastos derivados do uso das instalacións serán aboados ao centro, coa periodicidade mensual e na contía económica pactada coa entidade interesada.
4. As actividades desenvolvidas respectarán o horario asinado e as normas de utilización, debendo aboar os danos que se produciran, de ser o caso, por unha negligente utilización.

6.ORGANIZACIÓN, FUNCIONAMENTO E HORARIO DA BIBLIOTECA.

A maior parte das intervencións en relación ó espazo físico leváronse a cabo grazas ós orzamentos derivados do PLAMBE e do Plan LÍA, polo que na actualidade a biblioteca conta con diferentes espazos para lectura e consultas, para traballo individual e colectivo, lectura informal, consulta do catálogo, para traballar coas TICS e un mostrador central para o préstamo.

A biblioteca do noso centro está situada no edificio A. Existen tres inmobles ben diferenciados no centro, polo que a biblioteca queda bastante alonxada do edificio D, no que se atopan as aulas do primeiro ciclo da ESO. O curso pasado habilitouse un espazo informal de lectura neste edificio, polo que este ano continuaremos a traballar no seu mantemento, dinamización e dotación de recursos para a lectura.

A biblioteca permanecerá aberta nas horas en que o profesorado ten gardas nela, un total de 11 horas á semana. Ademáis, todos os días nas horas de lecer, abre as súas portas para o préstamo. Neste curso, por problemas coa incompatibilidade dos horarios, os luns, día no que hai clases pola tarde, a biblioteca non se manterá aberta a mediodía como viña sendo habitual.

No curso pasado, a biblioteca do centro ofreceuse voluntaria a entrar no programa KOHA para as bibliotecas escolares, que veu substituír ao MEIGA. As integrantes do equipo que fixeron os cursos de formación intentaran poder transmitir o funcionamento do programa ao resto do equipo.

O equipo da biblioteca escolar ten asignadas un total de 30 horas de adicación, sendo 8 para a coordinadora responsable da biblioteca e 22 repartidas entre os membros do equipo.

HORARIO DA BIBLIOTECA					
	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
8:45 a 9:35					
9:35 a 10:25				CHUS	
10:25 a 11:15	SABELA	ALMUDENA NURIA SABELA	SABELA	NURIA SABELA	
Lecer 11:15 a 11:45	CHUS SABELA	SABELA PAZ	NURIA PILAR	PILAR NURIA ALMUDENA	PILAR PAZ
11:45 a 12:35	CHUS	CHUS	ALMUDENA PILAR	BELÉN PILAR AMPARO	CHUS SABELA PAZ
12:35 a 13:25		PAZ SABELA CHUS	SABELA		
HORARIO DA RADIO					
Lecer 11:15 a 11:45	BELÉN	NURIA	ALMUDENA	AMPARO	BELÉN

EQUIPO DE BIBLIOTECA

PAZ BALSEIRO ANIDO

MARÍA JESÚS ANIDO SILVOSA

NURIA LÓPEZ LOMBAO

BELÉN GATO GÓMEZ

ALMUDENA FALCÓN FOLGUEIRA

PILAR GÓMEZ PAREDES

SABELA FIGUEIRA TENREIRO AMPARO

BERMÚDEZ GONZÁLEZ

Dpto. Lingua e Literatura Castelá

Dpto. Inglés.

Dpto. Física e química.

Dpto. Música.

Coordinadora do ENDL - Dpto. Lingua Galega.

Dpto. Lingua e Literatura Galega.

Responsable da biblioteca. Dpto. X^a e H^a Dpto. Plástica.

7.PROGRAMA DE FORMACIÓN DO PROFESORADO

MODALIDADES DE FORMACIÓN	NºPROFESORES/AS	TEMPORALIZACIÓN	H. FORMACIÓN.
Cursos (ABALAR)			
Grupos de traballo:			
Seminarios..... (1)			
Programas e prox.investigación			

Proxectos europeos			
Licencias estudos			
Cursos especialización			
Prox. Formación Centros... (2) IMPLEMENTACIÓN DO PLAN DIXITAL DO CENTRO TEATRO NA ESCOLA: PROCESOS CREATIVOS DE APRENDIZAXE * Á EXPECTATIVA DE ABRIR OUTRA LIÑA FORMATIVA RELACIONADA COA COMPETENCIA DIXITAL, EN BASE AS NECESIDADES DO PROFESORADO	6 8	AO LONGO DO CURSO AO LONGO DO CURSO	20 20
Prox. Innovación Educativa.. (2)			
Outros..... (2)			

(1) Título do seminario ou grupo de traballo

(2) Título do proxecto

9.PROXECTO EDUCATIVO:

Confirmación de que segue vixente a modificación feita con data do 26 de xuño de 2015 .

10. DECRETO PLURILINGÜISMO.

2. Obxectivos:

2. 1-Contorna sociolingüística do centro:

- valorar e estimar a lingua galega como base útil en calquera situación comunicativa.
- potenciar a formación e adecuación de actitudes de cara á normalización lingüística.
- poñer en valor o entorno social, paisaxístico, cultural e literario como un dos medios

normalizadores.

- dar visibilidade aos proxectos e actividades do centro para que a cidadanía saiba do noso compromiso coa lingua galega, por medio da prensa e redes sociais

2.2-Profesorado:

- valorar e estimar a lingua galega como base útil en calquera situación comunicativa.
- potenciar a formación e adecuación de actitudes de cara á normalización lingüística.
- Concienciar –a través de accións dialogantes- a aqueles sectores da comunidade escolar menos predispostos da conveniencia do uso do galego no ensino.
- colaborar e apoiar iniciativas normalizadoras doutros membros da comunidade educativa.
- incrementar o uso do galego no ensino
- fomentar o uso do galego a nivel oral e escrito coa participación en actividades e proxectos nos que o uso do galego é fundamental
- dar asesoramento e apoio a toda a comunidade escolar que o solicite para lograr avanzar na liña normalizadora canto ás relacións internas e externas do centro.

2.3-Alumnado

- valorar e estimar a lingua galega como base útil en calquera situación comunicativa.
- potenciar a formación e adecuación de actitudes de cara á normalización lingüística.
- fomentar a presenza do galego nas novas tecnoloxías.
- concienciar –a través de accións dialogantes- a aqueles sectores da comunidade escolar menos predispostos, da conveniencia do uso do galego no ensino.
- poñer en valor o entorno social, paisaxístico, cultural e literario como un dos medios normalizadores.
- incrementar o uso do galego no ensino
- fomentar o uso do galego a nivel oral e escrito coa participación en actividades, concursos e proxectos nos que o uso do galego é fundamental.

2. 4-Centro:

- valorar e estimar a lingua galega como base útil en calquera situación comunicativa.
- potenciar a formación e adecuación de actitudes de cara á normalización lingüística.
- avanzar na liña normalizadora canto ás relacións internas e externas do Centro.

3.Composición do equipo de normalización e dinamización lingüística:

Como ordena o artigo 15º o Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario en Galicia (DOG nº 97, do 25 de maio), no IES Santiago Basanta Silva constitúese un equipo de dinamización da lingua galega, formado polo seu coordinador, por profesorado, por representantes do alumnado e por persoal non docente.

Coordinadora	ALMUDENA FALCÓN FOLGUEIRA (Lingua e Lit. Galega)
Profesorado	SABELA FIGUEIRA TENREIRO (Xeografía e Historia) JESÚS BASANTA PAREDES (Filosofía) AMPARO BERMÚDEZ GONZÁLEZ (EPV) NURIA LÓPEZ LOMBAO (Física e Química) ANA ISABEL SEOANE VÁZQUEZ (Inglés) MARÍA JESÚS ANIDO SILVOSA (Inglés) MARÍA PAZ BALSEIRO ANIDO (Lingua castelá e Literatura) SANDRA FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ (LCL) PILAR GÓMEZ PAREDES (Lingua galega e Literatura) LIDIA LÓPEZ TEIJEIRO (Lingua galega e Literatura) SUSANA LÓPEZ GONZÁLEZ (Lingua galega e Literatura) SUSANA GUERRA RUBAL (Lingua galega e Literatura) BELÉN GATO GÓMEZ (Música)
Alumnado	YARA CANDIA CABANA TOMÁS CANO FERNÁNDEZ HUGO FELPETO MASEDA INÉS FRAGA RODRÍGUEZ NAGORE PRIETO PIGA DANIELA CHAO SOUTO XOEL PARGA CRESPO IRENE REY GONZÁLEZ CAROLINA CANO FERNÁNDEZ SARA LÓPEZ RAMUDO
P. non docente	FRANCISCO SANJURJO GAYOSO

COLABORACIÓN EXTERNA: IES Lois Peña Novo, CEIP Ínsua Bermúdez, CEIP Mato Vizoso, E.E.I. de Vilalba, Concello de Vilalba, Instituto de Estudos Chairegos, CEIP de Muimenta.

4. Actividades a desenvolver durante o curso:

O equipo de dinamización da lingua galega do IES Santiago Basanta Silva leva varios anos de traxectoria realizando múltiples actividades en dinamización da lingua galega ao longo de todo o curso en colaboración coa biblioteca e outros departamentos. Tamén se realizarán actividades conxuntas co IES Lois Peña Novo, CEIP Ínsua Bermúdez, CEIP Mato Vizoso, E.E.I. de Vilalba, Concello de Vilalba e maila agrupación cultural “Instituto de Estudos Chairegos”.

A continuación describense as actividades principais propostas para o presente curso escolar:

1.Improvisación oral en verso: Este ano comezaremos a traballar en diferentes cursos o tema da improvisación oral na nosa lingua (a regueifa e o rap), como parte dun proxecto que queremos levar a cabo a longo prazo. Comezaremos con obradoiros para que diferentes grupos se inicien no tema e, no mes de maio, participaremos na Regueifesta, o encontro de improvisación oral en verso que se vén celebrando nos últimos anos no Auditorio de Galicia, en Santiago de Compostela. Temporización: Ao longo do curso.

2.Just dance: Ao longo do curso seleccionaremos cancións actuais na nosa lingua e gravaremos á rapazada do centro representando as coreografías. Difundiremos os vídeos polas redes sociaia. Temporización: Ao longo de todo o curso.

3.Creación de vídeos didácticos: O alumnado voluntario gravará algún vídeo en galego nas diferentes plataformas dixitais e redes sociais (Tik tok, Youtube, Instagram etc.) explicando algún aspecto da lingua galega, dalgún libro de lectura, dalgunha conmemoración, etc. Temporización: ao longo de todo o curso.

4.Celebración do 25N gravando algún audiovisual ou editando algunha pequena publicación - dixital ou en papel- sobre o tema da violencia de xénero. Temporización: datas anteriores ao 25 de novembro.

5.Grupo de Teatro: Este curso comezamos a facer teatro os mércores pola tarde. Un grupo de rapazas e rapaces prepararán algunha peza teatral e representaran ante os seus compañeiros. Tamén valoramos a posibilidade de representala fóra do centro en residencias de anciáns, colexios da contorna ou outros espazos. Temporización: ao longo de todo o curso.

6.Rutas literarias: Continuaremos a realizar un roteiro literario polos espazos da obra “Aire negro” de Agustín Fernández Paz. Así mesmo, pensamos participar noutras rutas literarias que se celebran noutras localidades. Temporización: terceiro trimestre.

7.Colaboración no acto de entrega do premio “Agustín Fernández Paz de Literatura infantil e xuvenil pola igualdade” que ten lugar no auditorio Municipal de Vilalba. O alumnado participante interpretará poemas musicados. Temporización: 1º trimestre.

8.Gravación de programas de radio con moi diversos contidos: lingua, ciencias, creación literaria do alumnado, entrevistas etc. Temporización: ao longo de todo o curso.

9. Conmemoración do día de Rosalía. Seguindo a convocatoria anual da AELG, faremos actividades de divulgación da figura da nosa autora universal na contorna do centro, que han consistir en producións audiovisuais, publicacións dixitais ou en papel, marcapáxinas, chapas etc. Temporización: febreiro.

10. **Celebración do día das Letras Galegas.** A Real Academia Galega dedicarlle o Día das Letras Galegas 2023 a Francisco Fernández del Riego. Continuaremos levando a cabo actividades semellantes ás que se fixeron no curso pasado: exposicións varias sobre o autor homenaxeado e difusión da súa figura polas diversas aulas por parte de grupos de alumnos/as dos cursos superiores. Tamén temos pensado a elaboración dalgún material audiovisual relacionado con esta conmemoración tan importante para a nosa lingua. Temporización: maio.

11. **Concurso DigochoEu:** Un ano máis imos participar neste concurso, que ten como obxecto fomentar a colaboración da xente nova e dos centros educativos na elaboración do programa #DigochoEu para achegar a lingua galega a este sector da poboación. Elaboraremos unha proposta para un capítulo que se poida gravar na contorna do alumnado e que teña como finalidade divulgar a lingua galega. Temporización: Ao longo do curso.

12. **Actividades da Casa-Museo Manuel María:** como centro de ensino enraizado na Terra Chá, pretendemos que a casa do poeta sexa tamén a nosa, polo que participaremos nas actividades que esta institución convoca anualmente como son o “Concurso de videopoemas sobre composicións poéticas de Rosalía e Manuel María” e o “Concurso de recitado de poesía sobre poemas de Rosalía e Manuel María”. Temporización : xaneiro - marzo.

13. **Encontros con autores.** Para achegar o alumnado á literatura galega é moi importante que coñezan a algunhas das autoras e autores máis representativos da actualidade. Xa que logo, traeremos a algún escritor/a para intercambiar experiencias de creación e lectura. Temporización : Ao longo de todo o curso.

14. **Club de escrita creativa:** este ano poñemos en marcha un grupo de persoas (alumnado e profesorado) aos que nos gusta escribir para poñer en común as nosas creacións, comentalas e participar en certames literarios. Tamén temos pensado facer algunha publicación -dixital ou en formato papel- coas nosas producións literarias. Xuntarémonos unha vez ao mes no tempo do lecer e proporase unha tarefa de escrita creativa para o seguinte mes. Despois lerase e comentarase diferentes aspectos da mesma, de xeito informal. Temporización : Ao longo de todo o curso.

15.Lecturas compartidas. Os alumnos e alumnas participantes converteranse en contacontos, lendo e dramatizando contos polos colexios de infantil e primaria da contorna. Temporización: segundo trimestre.

16.Concursos varios: para darlles continuidade a algunhas das actividades descritas neste apartado, iremos convocando concursos de distintos tipos: concursos literarios, de logotipos e debuxos, de marcapáxinas, de producións audiovisuais, etc. Temporización : Ao longo de todo o curso.

17.Actividades festeiras: Consideramos a música actual en galego como ferramenta exitosa para achegar a lingua á rapazada, polo que traeremos ao centro algunha actuación de grupos ou cantautores do panorama musical galego actual. Temporización : Ao longo de todo o curso.

18.Colaboración estreita coa Biblioteca: colaboraremos activamente, como se vén facendo estes anos, nos clubs de lectura e en todas as actividades que promove a nosa Biblioteca, que teñen entre os seus obxectivos contribuír á dinamización lingüística. Temporización: Ao longo de todo curso.

19.Correlingua 2023: participaremos nesta proposta de carácter lúdico-educativo que pretende convidar a mocidade e a infancia e os centros de ensino a participar nun acto público de reivindicación do dereito a medrar en galego e tamén a exercer de maneira efectiva como galegos e galegas a través do uso do noso idioma, única forma de garantir o seu futuro. Temporización: terceiro trimestre.

20.Colaboración noutras actividades: Entendemos a tarefa dinamizadora como un elemento vertebrador de toda a comunidade educativa, polo que colaboraremos activamente cos diferentes departamentos didácticos nas actividades que realicen ao longo de todo o curso, coa Biblioteca e a radio do centro, coa ANPA e outras institucións da contorna como o IESCHA, a Casa-Museo Manuel María etc. Temporización: Ao longo de todo o curso.

21.Saídas didácticas: Despois duns anos nos que as saídas dos centros de ensino se abandonaron case que por completo debido á situación sanitaria, este ano imos recuperalas. Unha visita que temos prevista é o cinema, acudindo á representación dalgún filme que se estree ao longo do curso na nosa lingua. E irán xurdindo, de seguro, outras de interese para o alumnado. Temporización: Ao longo de todo o curso.

22.Dar asesoramento e apoio a toda a comunidade escolar que o solicite para lograr avanzar na liña normalizadora canto ás relacións internas e externas do centro. Temporización: Ao longo de todo o

11. PLAN PROXECTA (Resolución 14/8/2012)

ACCIÓNS NAS QUE PARTICIPA	RESPONSABLES
PASAPORTE SOLIDARIO	DONA ALINE BLANCO DE LA ROSA
CINEMA EN CURSO	DON PABLO BENITO SÁNCHEZ CORDAL

ANEXOS

1.Data de aprobación dos aspectos docentes da PXA polo claustro: 08 de setembro de 2022

Información ao claustro sobre os restantes aspectos da PXA: 4 de outubro de 2022

2.Data de aprobación polo Consello Escolar da PXA: 5 de outubro de 2022

3.Envío a inspección: 25 de outubro de 2022

4.Alumnado con N.E.E

Nº ALUMNOS CON NECESIDADES DE APOIO	1º	2º	3º	4º	1º B	2ºB	OBSERVACIÓNS
Dificultades específicas de aprendizaxe			10	8			Variable o longo do curso, pendentes da avaliación inicial
Dislexia/disortografía/discalculia/dislalias	1	3	3	3		2	
TDAH (mixto ou con predominio inatento)	3	3	6	4	1	2	
Altas capacidades /Talento			3		1		
Incorporación tardía ao sistema educativo	4	1	7		1		Marrocos, Ucraia, pendente de novas matriculas ao longo do curso
Situacións desfavorables por condicións persoais/ situación familiar	2	2	2				Expedientes en servizos sociais, menores etc .

RECURSOS PERSOAIS	PT	AL+PT	COIDADOR/A	Observacións
Número	2	1	1	

Medidas	Nº Grupos	Curso	Nº Alumnos	Materias	Observaciones
Desdobramentos					
P.M.A.R.	1	3ª ESO	10		
Exentos 2ª Lingua: Programa de reforzo *	2	1	10		
Exentos 2ª Lingua: Programa de reforzo *	2	2	16		
Aula de atención e convivencia	1 aula	todos	variable		
Programa de adquisición das linguas	1	1º,2º, 3º, 4º ESO	8		
A.C.S.		1º ESO	3	varias	
A.C.S.		2º ESO		varias	
A.C.S.		3º ESO	2		
A.C.S.		4º ESO	1	varias	